



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLO COIRA LOJO

Vistos os escritos presentados que a continuación se relacionan, relativos ás solicitudes de devolución de cotas dun prezo público e, polos seguintes conceptos. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto:

1.- Solicitud de devolución a favor de Dna. Margarita Romero García, do importe ingresado a maiores da cota do prezo público correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo Individual Senior, por importe total de 5,00 €, dado que, ingresou 50,00 €, en vez de 45,00 €, cota do devandito carné.

2.- Solicitud de devolución a favor de Dna. Paula Lorenzo Fernández, dos importes ingresados da cota do prezo público correspondentes á solicitude de inscrición da Escola Municipal de Navegación: Modalidade de Vela, ano 2024, da súa filla Carla Rodiño Lorenzo por importe de 12,00 €, así como pola solicitude de inscrición da Escola Mutideportiva de Verán ano 2024, para xullo do seu fillo Miguel Rodiño Lorenzo, por importe de 12,00 € por incompatibilidade de horarios.

3.- Solicitud de devolución a favor de Dna. Vanessa María Docal Alvariñas, do importe ingresado da cota do prezo público correspondente á solicitude de inscrición da Escola Municipal de Multideporte de Verán 2024, do seu fillo Asier Dopico Docal, por importe de 12,00 €, dado que no momento que realizou a solicitude as prazas na citada actividade estaban esgotadas.

4.- Solicitud de devolución a favor de Dna. Patricia Barreiro Pesado do importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición nas Actividades Físico Deportivas para Adultos, do programa Vilagarcía en Forma, verán 2024, por importe de 9,00 €, dado que por motivos laborais non poderá asistir a citada actividade deportiva.

5.- Solicitud de devolución a favor de Dna. Ana Rodríguez González, do importe ingresado da cota do prezo público correspondente á solicitude de inscrición da Escolas Municipal de Navegación: Modalidade de Piragüismo ano 2024, do seu fillo Adán Oliveira Rodríguez, por importe de 12,00 €, por incompatibilidade horaria.



De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Margarita Romero García, do importe ingresado a maiores da cota do prezo público, correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo Individual Senior, por importe de 5,00 €, con cargo á partida 343,00.

2.- Aprobar a devolución a favor de Dna Paula Lorenzo Fernández, dos importes ingresados das cotas do prezo público, correspondentes á solicitude de inscrición na Escola Municipal de Navegación: Modalidade de Vela ano 2024, da súa filla Carla Rodiño Lorenzo por importe de 12,00 €, así como pola solicitude de inscrición da Escola Mutideportiva de Verán ano 2024, para xullo do seu fillo Miguel Rodiño Lorenzo, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

3. - Aprobar a devolución a favor de Dna. Vanessa María Docal Alvariñas, do importe ingresado da cota do prezo público, correspondente as Escolas Municipal de Multideporte de Verán 2024, do seu fillo Asier Dopico Docal, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

4.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Patricia Barreiro Pesado, do importe ingresado da cota do prezo público, correspondente á solicitude de inscrición nas Actividades Físico Deportivas para adultos, verán 2024, por importe de 9,00 €, con cargo á partida 343,01

5.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Ana Rodríguez González, do importe ingresado da cota do prezo público, correspondente as Escolas Municipais de Navegación: Modalidade de Piragüismo, do seu fillo Adán Oliveira Rodríguez, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catro de novembro de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vista o informe-proposta da Dirección Deportiva relativa á aprobación da celebración da MEDIA MARATÓN CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, CAMPIONATO GALEGO 2024 que se vai a celebrar o vindeiro día 24 de novembro do presente ano que tras as conversas co Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, decidiuse a organización da mesma entre a Fundación de Deportes e o Concello. Así como a aprobación dos gastos derivados da organización do citado evento que ascenden a un importe total de **13.657,65 €**, (I.V.E. incluído), donde os devanditos gastos serán asumidos por ambas partes co desglose que a continuación se indica:

- A Fundación de Deportes faráse cargo dos gastos por importe total de **1.010,13 €** (I.V.E. incluído), correspondente a :

CONCEPTO	IMPORTE
Canon Federación Galega de Atletismo:	300,00 €
Control xuices FGA:	650,00 €
Gastos tramitación autorización Xunta de Galicia:	60,13 €

- O Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa faráse cargo dos gastos por importe de **12.647,82 €** (I.V.E. incluído), correspondente a :

CONCEPTO	IMPORTE
Organización e dirección de carreira:	4.257,42 €
Seguro accidentes atletas no federados (licenza de día):	640,00 €
Camistas agasalho aos participantes:	2.362,50 €
Avituallamentos:	800,00 €
Aluguer de 200 valados:	1.282,60€
Seguro accidentes para os voluntarios:	65,00 €
Servizo de ambulancia:	1.850,00 €
Trofeos:	540,30 €
Speaker:	250,00€



Premios en metálico: 600,00 €

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar a organización conxunta entre a Fundación de Deportes o Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa da MEDIA MARATÓN CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, CAMPIONATO GALEGO 2024 que se vai a celebrar o vindeiro día 24 de novembro do presente ano.

2.- Aprobar os gastos derivados da citada organización con cargo o orzamento da Fundación de Deportes por importe total **1.010,13 €** (IVE incluído), co desglose que se indica a continuación:

CONCEPTO	IMPORTE
Canon Federación Galega de Atletismo:	300,00 €
Control xuices FGA:	650,00 €
Gastos tramitación autorización Xunta de Galicia:	60,13 €

3.- Remitir os gastos derivados da citada organización con cargo ao orzamento do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de **12.647,82 €** (IVE incluído) co desglose que a continuación se relaciona, a Xunta de Goberno local para a súa aprobación se procede:

CONCEPTO	IMPORTE
Organización e dirección de carreira:	4.257,42 €
Seguro accidentes atletas no federados (licenza de día):	640,00 €
Camistas agasallo aos participantes:	2.362,50 €
Avituallamentos:	800,00 €
Aluguer de 200 valados:	1.282,60 €
Seguro accidentes para os voluntarios:	65,00 €



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravela, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

Servizo de ambulancia:	1.850,00 €
Trofeos:	540,30 €
Speaker:	250,00€
Premios en metálico:	600,00 €

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a seis de novembro de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito da Fundación Galega contra o Narcotráfico no que solicita, para a celebración do TORNEO INTERCIDADES PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA (Atletismo, Fútbol e Baloncesto), o vindeiro día 10 do presente mes, de 9:30-14:00 horas, o seguinte:

- Autorización do uso das instalacións deportivas do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa:

INSTALACIÓN

ACTIVIDADE

Campo de fútbol Manuel Jiménez Abalo

Fútbol

Estadio de Atletismo

Fútbol/Atletismo

Pavillón nº 1 e 2

Baloncesto

- A cesión do equipo de megafonía para a apertura e peche do acto.
- A concesión de 4 trofeos, 5 recordatorios para o IES participantes e 140 diplomas.

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar á Fundación Galega contra o Narcotráfico o uso das instalacións deportivas do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa que a continuación se relacionan, para a celebración do TORNEO INTERCIDADES PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA (Atletismo, Fútbol e Baloncesto), o vindeiro día 10 do presente mes, de 09:30-14:00 horas. O que xenerará parte da súa franxa horaria ao estar fora de apertura da instalación, a realización duna hora extraordinaria dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 11,41 €/h., con cargo á partida 342-151/13001. Dado o carácter social da actividade, apróbase non cobrar o prezo público correspondente conforme ao sinalado no Acordo Regulador nº17 en vigor:

INSTALACIÓN DEPORTIVA



- Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez Abalo
- Estadio de Atletismo
- Pavillón nº 1 e 2 coa súa Megafonía

2.- Comunicarlles que deberán deixar nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a cesión da rede de volei e os seus postes da Fundación de Deportes e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Indicar que se dou tralado ao Departamento de Comunicación do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa para a colaboración coa elaboración de diplomas, pero por acumulo de traballo non é posible acceder a súa solicitude.

5.- Conceder 4 trofeos para os campións en cada unha das modalidades, un dos trofeos e da remesa que dispón a Fundación de Deportes, e para os outros tres solicitouse presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., por importe total de 45,40 €.

6.- Comunicarlle que previo ao inicio da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

7.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:4

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravela, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de elementos inflamables, explosivos ou similares no interior da instalación.

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a sete de novembro de dous mil vinte e dous, ante mín a secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe da Sr. Interventor Accidental da Fundación de Deportes relativo ao pago efectuado na conta bancaria incorrecta do Club Náutico Riveira, correspondente ao pagamento do premio pola participación na XXIX BANDEIRA MASCULINA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA conforme clasificación, por importe de 600,00 €. Así como visto o ingreso do citado importe á conta de titularidade da Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía de Arousa pola Entidade Financiera/Entidade receptora que procedeu á devolución, indicando que esta conta estaba cancelada. Procedeuse a contabilización do ingreso non presupostario con data 14 de outubro do presente ano.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar a contabilización do ingreso non presupostario efectuado na conta bancaria da Fundación de Deportes con data 14 de outubro do presente ano, dado o erro da conta bancaria do Club Náutico Riveira, correspondente ao pagamento do premio pola participación na XXIX BANDEIRA MASCULINA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA conforme clasificación, por importe de 600,00 €, con cargo á partida económica 20501.

2.- Efectuar o pagamento non presupostario na conta bancaria correcta do citado Club polo importe anteriormente sinalado, con cargo á partida económica 20501.

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a sete de novembro de dous mil vinte e dous, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. Presidente conforme o informe proposta da dirección deportiva relativa a aprobación da limpeza da segunda planta da antiga biblioteca do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, dous días a semana dende novembro de 2024 a xuño de 2025, dado que se están a levar a cabo actividades ofertadas no Proxecto de Actividades Físico Deportivas de Adultos, tempada 2024/25 e, aprobado os seus gastos polo Consello Reitor con data 12/09/2024, solicitando presuposto á empresa Clece, S.A. (empresa adxudicataria do Contrato de Servizos de Limpeza das instalacións deportivas municipais), por importe total de 1.236,00 € (I.V.E. incluído) co seguinte desglose.

CONCEPTO	ANO 2024	ANO 2025
Limpeza extraordinaria		
Antiga biblioteca	309,00€	927,00€
De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.		

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa CLECE, S.A. (empresa adxudicataria do Contrato de Servizos de Limpeza das instalacións deportivas municipais), a aprobación da da limpeza da segunda planta da antiga biblioteca do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, dous días a semana dende novembro de 2024 a xuño de 2025, dado que se están a levar a cabo actividades ofertadas no Proxecto de Actividades Físico Deportivas de Adultos, tempada 2024/25, a través dun Contrato Menor de Servizos, por importe total de 1.236,000 € (IVE incluído), con cargo á partida 342-227,00, co seguinte desglose.

CONCEPTO	ANO 2024	ANO 2025
Limpeza extraordinaria		
Antiga biblioteca	309,00€	927,00€



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravela, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catorce de novembro de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaría Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vista a Resolución do Sr. Presidente con data 07/11/2024 na que se lle concederon a Fundación Galega contra o Narcotráfico 4 trofeos para os campións en cada unha das modalidades do TORNEO INTERCIDADES PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA, celebrado o pasado día 10 de novembro do presente ano, dos que un dos trofeos pertence a da remesa da Fundación de Deportes e os outros tres se lle adquiriron sen fiscalización previa á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., conforme presuposto presentado pola citada empresa.

Así como visto o informe-proposta do Sr Presidente no que se lle propón que se lle adxudique á devandita empresa a posteriori do evento, a adquisición do citado material, conforme presuposto presentado por importe total de 45,40 € (I.V.E. incluído)

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición de 3 trofeos que se entregaron aos participantes no TORNEO INTERCIDADES PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA, que se levou a cabo o pasado día 10 do presente mes, a través dun Contrato Menor de Subministros, por importe total de 45,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 342-226,9901.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte de novembro de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente relativa a necesidade da adxudicación dos gastos derivados pola celebración da MEDIA MARATÓN CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, que se vai a celebrar o vindeiro día 24 de novembro do presente ano CAMPIONATO GALEGO 2024, aprobados pola Resolución do Sr. Presidente da Fundación de Deportes con data 06/11/2024, dos que se fará cargo a Fundación de Deportes por importe total de 1.010,13 € (IVE incluído) co desglose que a continuación se relacionan e conforme o acordo de Xunta de Goberno Local en sesión con data 04/11/2024:

CONCEPTO	IMPORTE
Canon Federación Galega de Atletismo:	300,00 .-
Control xuices FGA:	650,00 .-
Gastos tramitación autorización Xunta de Galicia:	60,13 .-
TOTAL.....	1.040,13 €

Para a adxudicación dos devanditos servizos, preséntan os seguintes presupostos por importe total de 1040,13 € (IVE exento) co desglose que se indica a continuación:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO	Cánon/Control de xuices	950,00 .-
PORTOS DE GALICIA	Taxa Portos de Galicia	60,13 .-
	(Procedemento AF500A)	
Total		1.040,13 €

Faise constar que o pagamento da taxa de Portos de Galicia foi efectuado por D. Juan Miguel Doval Blanco Director Deportivo da Fundación de Deportes.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar ás empresas/Entidades que a continuación se relacionan, os gastos pola celebración da MEDIA MARATÓN CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, que se vai a



celebrar o vindeiro día 24 de novembro do presente ano CAMPIONATO GALEGO 2024, aprobado o gasto do que se fará cargo a Fundación de Deportes pola Resolución do Sr. presidente con data 06/11/2024 conforme acordo da Xunnta de Goberno Local en sesión con data 04/11/2024, por importe total de 1.040,13 €, con cargo á partida 342-226,09 e, co seguinte desglose:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO	Cánon/Control de xuices	950,00 .-
PORTOS DE GALICIA	Taxa Portos de Galicia	60,13 .-
	(Procedemento AF500A)	_____
Total		1.040,13 €

Faise constar que o pagamento da taxa de Portos de Galicia foi efectuado por D. Juan Miguel Doval Blanco Director Deportivo da Fundación de Deportes.

2.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a traves da plataforma do estado FACE:

DIR 3: FUNDACIÓN DE DEPORTES	
OC: LA0003309	INTERVENCIÓN DELEGADA
OG: LA0003309	PRESIDENCIA
UT: LA0003309	ADMINISTRACIÓN

(Recoméndase que estos códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de Deportes: Fundación de Deportes Concello de Vilagarcía de Arousa – P8660001B
Praza Ravela nº 1
36600 Vilagarcía de Arousa
Pontevedra)

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravela, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e dous de novembro de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado por Dna. Miriam Herrera Arevalo en representación da ANPA do CEIP ROSALÍA DE CASTRO, no que solicita autorización do uso do Pavillón Municipal de Carril, para a celebración dunha Festa lúdico-recreativa “FESTA DE NADAL” para todo o alumnado do devandito centro, o vindeiro día 20 do presente ano, de 16:00-21:00 horas. Así como a cesión de 2 carpas grandes.

Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar a Dna. Miriam Herrera Arevalo en representación da ANPA do CEIP ROSALÍA DE CASTRO, o uso do Pavillón Municipal de Carril, para a celebración dunha Festa lúdico-recreativa “FESTA DE NADAL” para todo o alumnado do devandito centro, o vindeiro día 20 do presente ano, de 16:00-21:00 horas.

Indicarlle que, dado o carácter social da actividade, non cobrar o prezo público correspondente conforme ao sinalado no Acordo Regulador nºIII.5 en vigor.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Trasladar ao Servizo do Auditorio do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa a súa solicitude de colaboración coa cesión dun equipo de son, para a súa aprobación se procede.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:



4.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pomenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

4.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pomenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

4.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

4.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

5.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).



b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

6.- Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

7.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e dous de novembro de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vista e comprobada a factura FT CMF2024/000006 da Cámara Municipal de Vilanova de Famalicao correspondente aos gastos derivados do aloxamento e manutención dos deportistas pola participación nos XV XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO, que se levaron a cabo do 30 de xuño ao 3 de xullo do presente ano, aprobada a súa adxudicación pola Resolución do Sr. Presidente con data 03/07/2024 e, que se presenta para o seu recoñecemento da obriga, por importe total de 3.750,00 € (exento de IVE).

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobado o recoñecemento da obriga a favor da Cámara Municipal de Vilanova de Famalicao pola factura FT CMF2024/000006 correspondente aos gastos derivados do aloxamento e manutención dos deportistas pola participación nos XV XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO, que se levaron a cabo do 30 de xuño ao 3 de xullo do presente, aprobada a súa adxudicación pola Resolución do Sr. Presidente con data 03/07/2024, por importe total de 3.750,00 € (exento de IVE), con cargo á partida 342-226,09.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e seis de novembro de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vistas e comprobadas as relacións de facturas sen acordo F/2024/28, con acordo F/2024/29, de enerxía eléctrica F/2024/30, e a da empresa TROQUIÑA, S.L. F/2024/31 correspondentes ao mes de outubro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais (Fundación de Deportes) do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 49.654,90 €, que se presenta para o seu recoñecemento da obriga,co seguinte desglose:

- Relación de facturas sen acordo F/2024/28:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Aplic.	Importe Total	C.I.F. Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2024/370	06/11/2024	Emit- 36	06/11/2024	2024 342 2269900	1.028,50 €	36077988G	CABIDO VALLADAR, PATRICIA	FRA. Emit- 36, REPRESENT. DA FUND. DE DEPORTES COMO PROCURADORA NO PROC. ORDINARIO 249/2022 DO XULGADO CONT-ADM Nº3 PONT
F/2024/375	10/11/2024	FA 8361	31/10/2024	2024 342 22000	82,50 €	A27743012	INTEGRALDATA SECURITY, S.A.	FRA. FA 8361, POLO ALUGUER DUN COLECTOR E A DESTRUCCIÓN DE DOCUMENTACIÓN EN PAPEL, MES DE OUTUBRO 2024.
F/2024/376	11/11/2024	GOVF 1838	11/11/2024	2024 342 21000	87,12 €	35432683X	GANDARA GONZALEZ, JUAN ANTONIO	FRA. GOVF 1838 POLO SUBMINISTRO DE MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN, REPARACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE BERDÓN.
F/2024/378	12/11/2024	202408199	31/10/2024	2024 342 21200	496,15 €	B36406650	CASTROMAN I, S.L.	FRA. 202408199 POLO SUBMINISTRO DE MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN, PARA REPARACIÓNS NOS PAVILLÓNS MUNICIPAIS.
F/2024/379	13/11/2024	Emit- 479	11/11/2024	2024 342 2269900	2.541,00 €	B39837851	COLTIA ABOGADOS Y ASESORES, S.L.	FRA. EMIT-479 REPRES/DEFENSA DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, 1ª FASE PROC. ORDINARIO 249/2022, XULGADO CONT-ADM. Nº 3 PONTEV.
F/2024/380	13/11/2024	Emit- 622	31/10/2024	2024 342 21000	214,35 €	B36146892	INTERMACO, S.L.	FRA. EMIT-622, POLO SUBMINISTRO DE MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN, REPARACIÓN NO ESTADIO MUNICIPAL DE A LOMBA.
F/2024/381	13/11/2024	Emit- 623	31/10/2024	2024 342 2219900	230,26 €	B36146892	INTERMACO, S.L.	FRA. EMIT-623, POLO SUBMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL PARA O TALLER DO SERVIZO DE MANTEMENTO.
F/2024/382	13/11/2024	Emit- 624	31/10/2024	2024 342 21000	93,78 €	B36146892	INTERMACO, S.L.	FRA. EMIT-624, SUBMINISTRO MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN, REPARACIÓNS NO ESTADIO MUNICIPAL DE A LOMBA E PISTA TENIS CDM FONTE
F/2024/383	13/11/2024	Emit- 626	31/10/2024	2024 342 21200	232,92 €	B36146892	INTERMACO, S.L.	FRA. EMIT-626, POLO SUBMINISTRO DE MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN, REPARACIÓN NO PAVILLÓN MUNICIPAL DA TORRE E OUTRAS IDM
F/2024/388	15/11/2024	A 15866	15/11/2024	2024 342 22110	627,19 €	35465040Y	CANTO BUA, JUAN JOSE	FRA. A 15866, POLO SUBMINISTRO DE MATERIAL DE LIMPEZA PARA OS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS.
F/2024/389	15/11/2024	24 1877	31/10/2024	2024 342 21000	45,98 €	B94094463	ALMACENES E FERROS AROUSA, S.L.	FRA. 24 1877, POLO SUBMINISTRO DE MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN, REPARACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE VILAXOÁN.
F/2024/391	18/11/2024	A 2301377	20/10/2023	2024 342 21000	223,98 €	B04956025	DECOPLAC AROSA, S.L.	FRA. A 2301377, POLO SUBMINISTRO DE MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN, REPARACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DA PELADA.



F/2024/392	18/11/2024	A 2301378	03/11/2023	2024 342 21000	157,30 €	B04956025	DECOPLAC AROSA, S.L.	FRA. A 2301378, POLO SUBMINISTRO DE MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN, REPARACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DA PELADA
F/2024/396	22/11/2024	A 2400946	30/06/2024	2024 342 21000	29,22 €	B04956025	DECOPLAC AROSA, S.L.	FRA. A 2400946, POLO SUBMINISTRO DE MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN, REPARACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE VILAXOÁN.
F/2024/397	22/11/2024	A 2400947	30/06/2024	2024 342 21000	45,05 €	B04956025	DECOPLAC AROSA, S.L.	FRA. A 2400947, POLO SUBMINISTRO DE MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN, REPARACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE VILAXOÁN.
F/2024/398	22/11/2024	A 2401324	06/09/2024	2024 342 21000	32,11 €	B04956025	DECOPLAC AROSA, S.L.	FRA. A 2401324, POLO SUBMINISTRO DE MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN, REPARACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE VILAXOÁN.
F/2024/399	22/11/2024	A 2301491	10/11/2023	2024 342 21000	524,41 €	B04956025	DECOPLAC AROSA, S.L.	FRA. A 2301491, SUBMINISTRO DE MATERIAL DE PINTURA, REPARACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DA PELADA.
F/2024/400	26/11/2024	V2401263	31/10/2024	2024 342 22103	396,71 €	B36452464	AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L.	FRA. V2401263, SUBMINISTRO DE GASOLEO A E GASOLINA PARA VEHÍCULO E MAQUINARIA DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, MES DE OUTUBRO.
F/2024/401	27/11/2024	RM 242383	13/11/2024	2024 342 21400	2,93 €	B94166782	RECAMBIOS E HIDRAULICA MIRO, S.L.	FRA. RM 242383, POLO SUBMINISTRO DE PEZAS PARA A REPARACIÓN DE MAQUINARIA DA FUNDACIÓN DE DEPORTES.
F/2024/406	28/11/2024	24SF10301320	28/11/2024	2024 342 22000	100,21 €	B50570571	SOLITIUM, S.L.	FRA. 24SF10301320, POLAS 923 COPIAS EN COR E 930 EN B/N, IMPRESORA DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, PERIODO DO 23/10-22/11/2024
TOTAL					7.191,67 €			

- Relación de facturas con acordo F/2024/29:



Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Aplic.	Importe Total	C.I.F. Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2024/364	04/11/2024	2024 18	04/11/2024	2024 342 2279901	250,00 €	G94021326	AGRUPACION ATLETICA MAZI	FRA. 2024 18, POLA REALIZACIÓN DA ESCOLA DEPORTIVA MUNICIPAL DE BASE, MODALIDADE ATLETISMO, MES DE OUTUBRO 2024.
F/2024/366	05/11/2024	Emit- 501	29/07/2024	2024 342 22609	3.262,92 €	B27266113	MULTISPORTSGALICIA, S.L.	FRA. EMIT-501 POLA ADQUIS. 350 CAMISETAS E A XESTION DE INSCRICIÓN E CONTROL CON CHIPS DA XX CARREIRA NOCTURNA 2024.
F/2024/367	05/11/2024	V24 17829	31/10/2024	2024 342 20400	502,15 €	A12363529	ANDACAR 2000, S.A.	FRA. V24 17829, POLO SUB. DUN VEHÍCULO FUNDACIÓN DE DEPORTES, ARRENDAMENTO CON MANTEMENTO (RENTING), MES OUTUBRO 2024.
F/2024/368	05/11/2024	1195 241206817	30/10/2024	2024 342 22609	2.292,95 €	B12019659	BAYGAR, S.L.	FRA. 1195 241206817, POLO ALUGUER 350 VALADAS PARA O XIII TRIATLON CONCELLO DE VILAGARCÍA, CAMP. GALEGO POR EQUIPOS 2024.
F/2024/369	05/11/2024	0214800002 8524F	31/10/2024	2024 342 22700	13.277,23 €	A80364243	CLECE, S.A.	FRA. 02148000028524F, CONFORME ACORDO XGL 23/09/24, CONTINUIDADE DE CONTRATO DE SERVIZO DE LIMPEZA DAS IDM, MES OUTUBRO.
F/2024/374	07/11/2024	591	30/05/2024	2024 342 22609	217,80 €	36148059V	MARTINEZ GONZALEZ, ABRAHAM	FRA. 591 POLO SERVIZO DE LOCUCIÓN CO MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA COPA GALICIA PUMP TRACK O 01/06/2024.
F/2024/384	13/11/2024	F 240095	12/11/2024	Multiaplicación	4.500,00 €	B94149747	AROUSA PADEL, S.L.	FRA. F 240095 POLA REALIZACIÓN DAS CLASES DA EDM DE BASE, MODALIDADE PADEL, 3 GRUPOS, MESES DE XANEIRO A MAIO 2024.
F/2024/385	14/11/2024	202411536	04/10/2024	2024 342 22609	1.227,37 €	V36703932	FEDERACION GALEGA DE TRIATLON F	FRA. 2024.1.1536 CANÓN E CONTROL XUICES XIII TRIATLON CONCELLO VILAGARCÍA, CAMPTO. GALEGO POR EQUIPOS CONTRARELOXO 2024.
F/2024/393	18/11/2024	V-FAC+ 37/F2024/00 000022	31/10/2024	2024 342 22609	191,59 €	B15416845	SERVICIO, CULTURA DEPORTE.	FRA. V-FAC+37/F2024/00000022, POLA REALIZACIÓN DE 7 CLASES DO 1º CURSO XIMN. ACUÁTICA, CURSO 2024/2025, OUTUBRO 2024.
F/2024/394	20/11/2024	47738889	20/11/2024	2024 342 22400	1.254,68 €	A08171373	MGS, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	FRA. 47738889, POLA PÓLIZA Nº51412809 SEGURO DE ACCIDENTES, PARTICIPANTES ACTIVID. ADULTOS VERÁN, DO 01/07-31/08/2024.
F/2024/395	20/11/2024	47738890	20/11/2024	2024 342 22400	428,95 €	A08171373	MGS, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	FRA. 47738890 DA POLIZA 51412810 DE SEGUROS DE ACCIDENTES DA ESCOLA MULTIDEPORTIVA DE VERÁN 2024 01/07-23/08/2024.
F/2024/402	28/11/2024	24 91	27/11/2024	2024 342 2269901	134,40 €	B36542330	DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L.	FRA. 24 91, POLA ADQUIS. MEDALLAS, CELEBRACIÓN XII MARCHA CICLISTA UNIFICADA PARA PERSOAS CON E SEN DISCAPACIDADE INTELE.
F/2024/403	28/11/2024	24 92	27/11/2024	2024 342 2269901	340,00 €	B36542330	DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L.	FRA. 24 92, POLA ADQUIS. DE 30 TROFEO, CELEBRACIÓN DO XVI CAMPIONATO GALEGO DE TRIAL 2024.
F/2024/404	28/11/2024	24 93	27/11/2024	2024 342 2269901	45,40 €	B36542330	DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L.	FRA. 24 93 POLA ADQUIS. DE 3 TROFEOS, CELEBRACIÓN TORNEO INTERCIDADES PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA 2024.
F/2024/405	28/11/2024	PON- 1909	26/11/2024	2024 342 22609	950,00 €	G15103500	FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO	FRA. PON- 1909 POLO CANON E, CONTROL XUICES, DA COORGANIZACIÓN DA MEDIA MARATÓN CONCELLO VILAGARCIA 2024.
TOTAL					28.875,44 €			

- Relación de facturas de enerxía eléctrica F/2024/30:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Aplic.	Importe Total	C.I.F. Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2024/386	15/11/2024	PI241420003 97749	13/11/2024	2024 342 22100	1.098,40 €	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	FRA. PI24142000397749, POLO SUBMINISTRO DA ENERXIA ELÉCTRICA DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DA PELADA, PERIODO 1-31/10/24.
F/2024/387	15/11/2024	PI241420003 97751	13/11/2024	2024 342 22100	70,41 €	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	FRA. PI2414200039775, POLO SUBMINISTRO DA ENERXIA ELÉCTRICA OFICINA SERVIZO MANTEMENTO EM A LOMBA, DO 27/09-27/10/2024.
F/2024/390	16/11/2024	PI241420004 04668	15/11/2024	2024 342 22100	8.314,97 €	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	FRA. PI24142000404668, POLO SUBMINISTRO DA ENERXIA ELÉCTRICA, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, ENTRE 10/09-10/11/2024.
TOTAL					9.483,78 €			

- Relación de facturas da empresa Troquiña, S.L.. F/2024/31:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Aplic.	Importe Total	C.I.F. Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2024/371	06/11/2024	A 24339	31/10/2024	2024 342 2279902	3.570,00 €	B36268217	TROQUIÑA, S.L.	FRA. A 24339, POLOS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL DALGUNAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. MES DE OUTUBRO 2024.
F/2024/372	06/11/2024	A 24352	31/10/2024	2024 342 2279902	534,01 €	B36268217	TROQUIÑA, S.L.	FRA. A 24352, POLAS SEGAS EXTRAORDINARIAS A MAIORES NO TERREO DE XOGO ESTADIO MUNICIPAL DE A LOMBA. MES DE OUTUBRO 2024.
TOTAL					4.104,01 €			



Así como visto o informe de intervención en relación a relación de facturas F/2024/28, F/2024/29 e F/2024/30 no que indica que: “ **Os gastos que conforman este expediente cumpren os aspectos obxecto de fiscalización previa no caso da relación de facturas F/2024/29, sendo que no caso das relacións F/2024/28 e F/2024/30 se indica que será precisa a autorización efectiva do gasto en próximos expedientes similares cara ao próximo exercicio orzamentario, aplicando neste caso a práctica administrativa e interpretación das Bases de Execución do Orzamento que se ben dando previamente a toma de posesión no posto do actual Interventor asinante deste informe, evitando así mesmo, o enriquecemento inxusto da administración por conta dun servicio efectivamente prestado de acordo coa práctica administrativa citada**”.

Asemade en relación a relación de facturas da empresa TROQUIÑA, S.L . F/2024/31, no que indican que: “ **Existe crédito axeitado e suficiente na partida 342 2279902 para facer fronte ao recoñecemento das obrigas por importe total de 4.104,01 €, sendo fiscalizado o expediente en base ao réxime de fiscalización e intervención limitada previa en réxime de requisitos básicos segundo acordo vixente da Corporación Municipal. Deberanse adoptar coa urxencia e dilixencia debida as medidas oportunas aos efectos de licitar e adxudicar os traballos.**”

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor das relacións de facturas sen acordo F/2024/28, con acordo F/2024/29, de enerxía eléctrica F/2024/30 e, a favor da empresa TROQUIÑA, S.L. F/2024/31, correspondentes ao mes de novembro da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 49.654,90 €,co desglose anteriormente indicado.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravela, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

Así o dispón e asina o Presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa a vinte e nove de novembro de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravela, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es